

# QUE BONITO É PANAMÁ!

Texto e ilustracións de JANOSCH

Tradución de DOLORES ROMAY

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 52 páx. 16 €

**Que bonito é Panamá!** (galego)

ISBN 978-84-8464-721-8. Álbum ilustrado. Tras os montes.

**¡Qué bonito es Panamá!** (castelán)

ISBN 978-84-92608-09-6. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**Oh! Que bonic és Panamá!** (català)

ISBN 978-84-8464-813-0. Àlbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

**Zein polita den Panama!** (euskara)

ISBN 978-84-7681-646-2. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak

**Oh, que lindo que é o Panamá!** (português)

ISBN 978-989-8205-48-3. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

**Oh, com'è bella Panama!** (italiano)


ISBN 978-84-1343-074-4. Albo illustrato. Classici moderni.

*Había unha vez un oso pequeno e un tigre pequeno  
que vivían alá abaixo, á beira do río. Alí onde  
se ve subir o fume, a carón daquela árbore grande.  
E ademais tiñan unha barquiña...*

A vida de pequeno oso e pequeno tigre experimenta unha viraxe cando, aboiano no río, aparece unha caixa que vén de Panamá e que arrecende a plátano. Dende entón, Panamá convértese no país dos seus sonhos e por iso deciden iniciar unha longa viaxe para chegar alí. Cunha tarteira vermella, unha cana de pescar y un pato-tigre de xoguete, emprenden un camiño no que coñecerán un rato de campo, un vello raposo, unha vaca, un corvo, unha lebre e un ourizo.

Tras un primeiro período no que a obra de Janosch ten un fondo político asociado ao contexto histórico da época, «Que bonito é Panamá!» marca o comezo dunha segunda etapa na que, historias coma esta, protagonizadas por animais humanizados, enxalzan o valor da amizade. Panamá é o particular *locus amoenus* de tigre e oso, e a súa viaxe idílica na procura dese lugar está relacionada coa madurez, coa aventura cotiá e co descubrimento de novas emocións.

Cunhas ilustracións alegres e coloridas, clásicas e planas, de estilo naíf, este entrañable relato de Janosch desprende humor e deixa un pouso sentimental de optimismo e de inocencia, cun inesperado final que colma as expectativas dos personaxes.



■ **Temática:** relato entrañable sobre o valor da amizade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico contemporáneo da Literatura Infantil; animais humanizados; natureza, viaxes; concepto de *locus amoenus* (lugar ideal); do autor e ilustrador de «[Correo para tigre](#)», «[Imos buscar un tesouro](#)», «[Eu curareite, dixo oso pequeno](#)» e «[Tigre e oso na cidade](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/que-bonito-e-panama-g>

## Janosch

(Hindengurb, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-)

Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Trala II Guerra Mundial, a súa familia mudouse a Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica téxtil. En 1953 trasladouse a Múnic e durante unha tempada estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que iniciou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas e polas que recibiu numerosos premios. A súa sona internacional débese a «Que bonito é Panamá!», editado en 1979. Dende 1980 reside en Tenerife, onde se dedicou a ilustrar libros infantís, de narrativa, pezas teatrais e colaborar en filmes de animación. Tamén é autor dalgunha novela para adultos con elementos autobiográficos. Mesmo chegou a ilustrar textos de escritores como Charles Bukowski.

<http://www.janosch.de>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com